



A CGC incoa expediente sancionador contra dúas empresas subministradoras da USC e os seus respectivos administradores únicos por posibles prácticas restritivas da competencia nunha licitación pública

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2021.

A Comisión Galega da Competencia (CGC) incoa expediente sancionador contra MONTEVERDE EQUIPAMENTOS, S.L. e ELÍAS JADRAQUE, S.A. así como contra os seus respectivos administradores únicos, por posibles prácticas anticompetitivas na licitación pública convocada pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), para a adquisición dun equipo para a realización de unións finger-joint para madeira estrutural e equipos auxiliares con destino ao Laboratorio da Plataforma de Enxeñería de Madeira Estrutural (PEMADE). Expediente 2019/CSUA1/000010 da Universidade de Santiago de Compostela.

O expediente sancionador trae causa na remisión a este organismo polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia (TACGal), ao abeiro dos artigos 132.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e do artigo 23.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, da súa Resolución nº 28/2020, do 30 de xaneiro de 2020, pola que resolvía os recursos acumulados, interpostos por MONTEVERDE EQUIPAMENTOS, S.L. (recurso 11/2020) e por ELÍAS JADRAQUE, S.A. (recurso 14/2020) en relación á contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para adquisición dun equipo para a realización de unións finger-joint para madeira estrutural e equipos auxiliares con destino ao Laboratorio da Plataforma de Enxeñería de Madeira Estrutural (PEMADE). Expediente 2019/CSUA1/000010 da Universidade de Santiago de Compostela.

Á vista da información reservada levada a cabo por este órgano de investigación e tras verificarse o trámite de asignación previsto no artigo 1 da Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, esta Subdirección de Investigación, con data 19 de febreiro de 2021, acorda de oficio incoar un expediente sancionador, identificado como **S 2/2020, Licitación fornezo USC**, contra as empresas MONTEVERDE EQUIPAMENTOS, S.L. e ELÍAS JADRAQUE, S.A., como persoas xurídicas, e contra as persoas físicas dos seus



respectivos administradores únicos ao apreciar indicios racionais da comisión dunha práctica prohibida pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC) ,conforme ao previsto nos artigos 49.1 e 63.2 LDC, en exercicio das atribucións que confire á devandita Subdirección de Investigación o artigo 36.2.a) dos Estatutos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC, aprobados polo Decreto 118/2016, do 4 de agosto , polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e apróbanse os seus estatutos).

Ábrese así un período máximo de 18 meses para a instrución do expediente e para a súa resolución pola CGC, sen que a incoación deste expediente prexulgue o resultado final da investigación.

A Comisión Galega da Competencia

A Comisión Galega da Competencia (CGC) é o órgano colexiado independente, adscrito ao Instituto Galego de Consumo e da Competencia (IGCC), que está encargada, de acordo coa norma reguladora do propio IGCC, dos seus estatutos e demais normativa, da aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Ley 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC), segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia. Ten como finalidade promover, garantir e mellorar as condicións de libre competencia e transparencia no mercado, respecto de as actividades económicas que se exerzan no ámbito territorial de Galicia.